

XORNALISTA E  
CO-COORDINADORA DO  
CLUB DE LECTURA QUEERUÑA

*"Hai máis formatos que os libros e máis cultura que a hexemónica".*

*"O movemento feminista, tal e como o entendo, debería acoller moitos espectros e maior transversalidade".*



Fun unha nena con moitas inquedanzas e carácter. Da Cidade Vella, sempre botada ao mar, a un paso do Paseo Marítimo. Tiven unha adolescencia friki, pechada na miña burbulla introvertida entre libros e videoxogos. Sempre fun de poucos círculos sociais, de amizades selectas e escollidas. Iso non impediu que entrara en contacto co feminismo e a poesía desde ben nova. Fun a lesbiana do meu instituto, pero a miña asunción da identidade e saída do armario non foi, por sorte, traumática. Nunca tiven problema en ningún ámbito, e considérome afortunada por iso. Hai outras historias máis duras mesmo en idade adulta.

O profesorado de Zalaeta, nomeadamente Pilar Pallarés, axudou a encauzar o espírito crítico e curioso que teño. Sempre fun unha apaixonada da palabra e da lingua, dubidei entre cursar Xornalismo ou Tradución; aínda que todo o mundo me dicía que non fixera letras puras, que estudara algo con máis saídas profesionais. A día de hoxe vexo titulacións modernas como Ciencias da difusión cultural, que probablemente tivera estudado hai dez anos. Desde que rematei a carreira traballo nunha consultora de comunicación e estou especializada en estratexias dixitais. Colaboro en medios nos que sigo cultivando o xornalismo con enfoque de xénero, cultural e social. Formo parte do colectivo editor de Pikara Magazine, escribo en eldiario.es e en VINTE.

"A poesía, como o xornalismo, están para compoñer e reconstruír realidades"

O que non se nomea non existe, así que se non axudamos a dar a coñecer realidades, acabará imperando un discurso único. Isto non é algo exclusivo do xornalismo, tamén o fai a literatura, sen tampouco ter que tratarse de obras reivindicativas. Ler é amosar outras realidades, mesmo as de ciencia ficción poden servir para interpretar a nosa vida. Ou é que 1984 semella tan distante agora?

A @pikaramagazine cheguei por casualidade cando comezou e converteuse no meu refuxio da profesión. Practicamos un xornalismo transversal, que recoñece no feminismo outras loitas como a das persoas con diversidade funcional (publicamos guías de lectura fácil, xa que un 30% da poboación ten problemas de comprensión lectora) ou os movementos antiespecistas. Ademais promovimos un espazo de xornalismo transmedia a través de

Pikara Lab, espazo que tiven a honra de estrenar cun especial sobre as mulleres maiores lesbianas, facendo unha analoxía coa praza de Chueca e a zarzuela.

O movemento feminista, tal e como o entendo, debería acoller moitos espectros (transexuais, homes pertencen ou non ao colectivo LGTBQ) e acoller máis transversalidade (diversidade funcional, pobreza, loita contra o especismo...). E no referente ao papel da cultura, grazas a coñecer historias como El bebé verde penso que moitas persoas poden empatizar e comprender a realidade trans. Logramos mudar mentes a través de leis como a do matrimonio igualitario ou a lei de identidade de xénero, si, pero tamén co apoio das formas culturais que sosteñen historias que logran transmitir realidades.

As mulleres son unha parte esquecida da historia e da cultura, e se aínda por riba sofren invisibilidade pola súa orientación ou condición sexual... temos unha dobre capa difícil de superar. No colectivo LGTB tende a esquecerse que boa parte do desenvolvemento cultural provocouno a librería Berkana, que nos seus inicios tivo que soportar pintadas e críticas por existir.

LES CORUÑA é tal vez dos colectivos da cidade que máis se moveron ao pouco de ter nacido. O primeiro que promoveu que nos xuntáramos todos para sumar forzas a través dun vermú de confraternidade. E, outras compañeiras que cren no poder transformador da literatura. Foron as únicas en promover un ciclo permanente de autoras que defenden a diversidade sexual.

Lembro o 8M na Coruña, o Orgullo do ano pasado... e temos uns movementos sociais moi vivos e que beben e buscan sinerxias con outras institucións da cidade como as Bibliotecas Municipais ou o Espazo Diverso do centro cívico da Cidade Vella... Coido que son estes apoios mutuos os que nos fan tan fortes.

PARA SABER MÁIS...

<https://lab.pikaramagazine.com/chica-de-genero-chico/>  
<https://lab.pikaramagazine.com/mili-hernandez-la-librerilla-de-chueca/>